

COMPOSICIÓN DE TEXTOS Nº 5: A REVOLUCIÓN GLORIOSA

Doc. 1.- Alocución do Alcalde de Madrid tras a batalla de Alcolea (Madrid, 11 de outubro de 1868)

“Madrileños:

Viva a soberanía nacional!

Viva o sufraxio universal!

Vivan os dereitos individuais!

Viva a unión do Exército e o pobo!

Viva a liberdade con orde!”

Doc. 2.- Constitución de 1869

“A Nación española e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade e prover ó ben de cantos vivan en España decretan e sancionan a seguinte Constitución.

Art. 2. Ningún español ou estranxeiro poderá ser detido nin preso senón por causa de delito.

Art. 3. Todo detido será posto en liberdade ou entregado á autoridade xudicial dentro das 24 horas seguintes ó acto de detención (...)

Art. 5. Ninguén poderá entrar no domicilio dun español ou estranxeiro residente en España sen o seu consentimento (...) só poderá decretarse polo Xuíz competente.

Art. 14. Ninguén poderá ser expropiado dos seus bens senón por causa de utilidade común e en virtude de mandamento xudicial, que non se executará sen previa indemnización (...)

Art. 16. Ningún español que se ache en pleno goce dos seus dereitos civís poderá ser privado do dereito de votar nas eleccións (...)

Art. 17. Tampouco poderá ser privado ningún español:

Do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito, valéndose da imprenta ou doutro procedemento (...) Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...). Do dereito de dirixir peticións individual ou colectivamente ás Cortes, ó rei, ás autoridades.

Art. 21 A nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica. O exercicio público ou privado de calquera culto queda garantido a todos os españois e estranxeiros residentes en España.

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación da que emanan todos os poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación española é a Monarquía (...)

Doc. 3.- Discurso de renuncia de Amadeo de Savoia ó trono español (11 de febreiro de 1873)

“Dous anos longos ha que cingo a Coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis afastada a era da paz e de ventura que tan ardentemente anhele. Se fosen estranxeiros os inimigos da súa dicha, entón, á fronte destes soldados tan valentes como sufridos, sería o primeiro en combatelos; pero todos os que coa espada, coa pluma, coa palabra, agravan e perpetúan os males da Nación son españois, todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e se axitan polo seu ben, e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contraditorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible atinar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda achar remedio para tamaños males. Busqueinos avidamente dentro da lei e non os atopei. Fóra da lei non ha de buscalos quen prometeu observala(...). Non había perigo que me movese a descinguirme a coroa se crese que a levaba nas miñas sens para ben dos españois (...)

Composición de texto: SEXENIO DEMOCRÁTICO

O Sexenio Democrático recibe este nome por ser un período no que se intenta instalar un sistema político democrático que consagrara a soberanía popular, o sufraxio universal masculino, as liberdades básicas non só individuais senón tamén colectivas (de reunión, asociación...), unha clara división de poderes, etc. Tamén é coñecido como Sexenio Revolucionario por ser unha etapa de grandes cambios políticos (destronamento dunha raíña, proclamación dunha república, crecemento dos demócratas, etc), económicos (industrialización) e sociais (organizacións obreiras, malestar do campesiñado...). Durante o Sexenio, os progresistas, demócratas, republicanos e as asociacións obreiras pretendían modernizar o país, pero a desunión e o fracaso das súas políticas favoreceu o retorno á moderación conservadora coa Restauración Borbónica en 1874.

O Sexenio comeza co triunfo do pronunciamento de Topete en Cádiz en setembro de 1868, pero empezara a prepararse no Pacto de Ostende (1866) subscrito por progresistas (Prim, Sagasta) e demócratas (Pi i Margall, Castelar) e máis tarde polos unionistas (Serrano). Nel acordábase destronar ós Borbón, convocar Cortes por sufraxio universal masculino, ampliar os dereitos e liberdades dos cidadáns... As causas que levaron ó establecemento deste pacto entre as forzas políticas opositoras á monarquía de Isabel II foron diversas: económicas (recesión económica debida a unha tradicional crise de subsistencias combinada cunha crise financeira e industrial típica do capitalismo), sociais (malestar do campesiñado pola escaseza de terras e polo empeoramento das súas condicións de traballo e vida – moitos, perdidos os dereitos a traballar as terras dos antigos señores e de usar as comunais, foron convertidos en xornaleiros –e do artesanado e proletariado urbano polas duras condicións de traballo e os escasos salarios que lles impoñían unha vida miserable) e políticas (os escándalos que envolvían á familia real, o apoio sistemático da raíña ós moderados, uns gobernos incapaces de facer fronte ás necesidades do país...). A adhesión dos unionistas, con moito predicamento no exército, aportou o apoio de boa parte dos mandos militares. O pronunciamento comezou en Cádiz e espallouse con rapidez. Os sublevados publicaron unha proclama pedindo ás cidadáns que acudisen ás armas en defensa da liberdade, da orde e da honradez (remataba co lema “Viva España con honra”). O exercito rebelde derrotou ás tropas leais a Isabel II na batalla de Puente de Alcolea (Córdoba) o 28 de setembro de 1868, a Gloriosa triunfara e a raíña emprendía o camiño do exilio.

En moitas cidades fórmanse Xuntas revolucionarias, dirixidas por progresistas, demócratas e republicanos. A alocución do alcalde de Madrid (Doc. 1) recolle algunhas das súas demandas: de liberdade, de sufraxio universal, de eleccións a Cortes constituíntes, de dereitos e liberdades, de separación Igrexa-Estado, de supresión das quintas e do imposto de consumos... A petición de sufraxio universal (“Viva o sufraxio universal”) implica que todos os cidadáns teñan dereito a voto. A petición de soberanía (“Viva a soberanía nacional”) responde á concepción de soberanía dos demócratas, que defenden que o único poder lexítimo é o que emana da vontade xeral da sociedade civil entendida como a suma de todas as vontades individuais. Este concepto de soberanía supera a soberanía compartida (rei e Cortes) defendida polos liberais moderados. A petición de dereitos individuais (“Vivan os dereitos individuais”) refírese ó recoñecemento amplo de liberdades e dereitos democráticos. Porén na proclama se relaciona a liberdade coa orde (“Viva a liberdade con orde”) o que reflicte o temor dos sectores da burguesía progresista a unha radicalización da revolución, pola influencia do republicanismo máis extremo e de membros do obreirismo, que poderían poñer en perigo os intereses da burguesía.

E efectivamente, as peticións dalgúns Xuntas foron consideradas demasiado radicais por parte dos sublevados máis comedidos (unionistas e progresistas timoratos) que, cumprido xa o obxectivo de derrocar ós Borbón, non eran partidarios de aventuras revolucionarias. A principios de outubro, estes propoñen á Xunta revolucionaria de Madrid, que está baixo o seu control, o nomeamento dun goberno provisional que asumise o poder. O xeneral Prim foi o designado para presidir un goberno, formado só por unionistas e progresistas, e o xeneral Serrano foi nomeado rexente.

O Goberno Provisional ordenou disolver ás Xuntas e desarmar á Milicia Nacional, pero para satisfacer algunhas demandas populares promulgou decretos aprobando a liberdade de imprenta, o dereito de reunión e asociación, o sufraxio universal masculino... e convocou eleccións a Cortes constituíntes.

O resultado dos comicios (primeiros por sufraxio universal masculino de maiores de 25 anos) deu a vitoria ós progresistas, unionistas e sector máis centrista dos demócratas, pero na Cámara tamén estiveron representados os carlistas, que defendían a confesionalidade católica do Estado e a monarquía tradicional, e os republicanos, que apoiaban unha forma de goberno republicana e a creación dun Estado federal. Nestas Cortes de abano político diverso e polarizado aprobouse a primeira constitución democrática española, a Constitución de 1869 (Doc. 2)

A Constitución de 1869, de clara ideoloxía liberal-democrática, consagra uns amplísimos dereitos e liberdades: dereito á presunción de inocencia (*"Art. 2. Ningún español ou estranxeiro poderá ser detido nin preso senón por causa de delito."*), dereito de *Habeas corpus* (*"Art. 3. Todo detido será posto en liberdade ou entregado á autoridade xudicial dentro das 24 horas seguintes ó acto de detención"*), inviolabilidade de domicilio (*"Art. 5. Ninguén poderá entrar no domicilio dun español ou estranxeiro residente en España sen o seu consentimento (...) só poderá decretarse polo Xuíz competente."*), dereito de propiedade (*"Art. 14. Ninguén poderá ser expropiado dos seus bens senón por causa de utilidade común e en virtude de mandamento xudicial"*), dereito de voto (*"Art. 16. Ningún español que se ache en pleno goce dos seus dereitos civís poderá ser privado do dereito de votar"*), liberdade de expresión (*"Art. 17. Tampouco poderá ser privado ningún español: Do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións"*), e, por primeira vez, liberdade de reunión e de asociación (*"Art. 17. Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse"*) e liberdade de apelación e petición (*"Art. 17. Do dereito de dirixir peticións individual ou colectivamente ás Cortes, ó rei, ás autoridades."*). Establece o sufraxio universal masculino (*"Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal"*) e, tamén por primeira vez, a liberdade relixiosa (*"Art. 21 O exercicio público ou privado de calquera culto queda garantido a todos os españois e estranxeiros residentes en España."*), aínda que mantendo o compromiso de que o Estado sufragaría os gastos da Igrexa católica (*"Art. 21 A nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica"*). Recoñece a soberanía nacional (*"Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación da que emanan todos os poderes."*), que é entendida como popular xa que recoñece o sufraxio universal masculino. E establece unha forma de goberno monárquica (*"Art. 33. A forma de goberno da Nación española é a Monarquía."*) e unha clara división de poderes: o poder lexislativo recae nas Cortes bicamerais (Congreso elixido por sufraxio universal masculino directo e Senado, por sufraxio universal masculino indirecto); o executivo, no rei e os seus ministros que son responsables ante as Cortes; o poder xudicial, nos tribunais (formados por xuíces nomeados por oposición) e xurados (participación popular).

A Constitución non satisfizo as aspiracións dalgúns grupos políticos (os republicanos) nin as reivindicacións de campesiños e traballadores urbanos, pero o recoñecemento do dereito de asociación vai permitirlles organizarse e a liberdade de imprenta vai favorecer a chegada das ideas anarquistas e socialistas críticas co liberalismo capitalista. Tampouco estaban conformes con ela os carlistas que, aínda que por primeira vez aceptaran participar en política, seguían defendendo a monarquía tradicional e a confesionalidade católica do Estado.

O Goberno Provisional abordou os problemas económicos con políticas librecambistas (aprobación da Lei de Minas, liberalización do comercio exterior...), que motivaron a oposición dos industriais mineiros e algodoeiros; estableceu unha moeda única, a peseta, co fin de facilitar o comercio interior; e suprimiu o imposto sobre os consumos, que xeraba, ó igual que o sistema de quintas, malestar e conflitividade social. E tivo que afrontar os levantamentos a prol da república, a reorganización do carlismo (estoupido da Terceira Guerra Carlista) e os manexos dos moderados do partido afonsino, que liderado por Cánovas del Castillo manobraban para a volta dos Borbón ó trono na persoa de Alfonso, fillo de Isabel II.

Neste inestable contexto e cunha Constitución que establecía un réxime monárquico, o Goberno tiña que atopar un candidato para ocupar o trono vacante. Descartada a volta dos Borbón (a pesares da aposta do moderado Cánovas del Castillo pola entronización de Alfonso, fillo de Isabel II), había que buscar un candidato que contase co apoio dos grandes países europeos. Prim foi o encargado de sopesar as posibilidades das moitas propostas realizadas (o duque de Montpensier, Leopoldo de Hohenzollern, Fernando de Coburgo, Espartero...). Finalmente, Amadeo de Savoia, fillo do rei de Italia (Victor Manuel II) que acababa de conseguir a unificación dese país e establecera unha monarquía constitucional, obtivo o difícil consentimento das potencias europeas (a presentación da candidatura de Leopoldo de Hohenzollern foi o pretexto para o inicio da guerra franco-prusiana que remataría co II Imperio francés e coa unificación alemá en 1870).

Amadeo I, de firmes conviccións constitucionalistas pero con pouco carisma e estranxeiro, tivo un reinado (1871 – 1873) con moitas dificultades. Chegou a España días despois da morte en atentado do seu principal valedor, Prim. Amadeo I topouse coa animadversión da aristocracia cortesá desde o primeiro momento e máis aínda cando reduciu o boato da Corte e mostrou a súa intención de manter a neutralidade política da Coroa. Tamén sufriu o rexeitamento do clero por pertencer á dinastía dos Savoia que no remate do proceso de unificación de Italia privara ó Papa dos Estados Pontificios e por asumir a xefatura dun Estado confesional. Así mesmo, a burguesía mostraba o seu desacordo cun réxime que lesionaba os seus intereses ó abolir a escravitude en Cuba, regular o traballo infantil ou seguir o librecambismo económico. No plano político contou coa oposición dos carlistas, que iniciaron unha terceira guerra co fin de conseguir que o seu candidato (Carlos VII) alcanzase o trono; dos afonsinos, que consideraban ilexítima a nova dinastía e preparaban a restauración borbónica; dos republicanos, que coa esperanza de cambiar a forma de estado

promoveron insurreccións federalistas; e viviu a desintegración da coalición gobernamental e as tensións entre os seus líderes, o que levou ó bloqueo parlamentario. (Doc. 3: “ *todos os que coa espada, coa pluma, coa palabra, agravan e perpetúan os males da Nación son españois, todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e se axitan polo seu ben*”). Ante todos estes problemas, ós que se engaden os económicos e o inicio da guerra independentista en Cuba, Amadeo I non quere tomar partido e mantense a fiel á neutralidade da Coroa (Doc. 3: “ *entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contraditorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible atinar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda achar remedio para tamaños males. Busqueinos avidamente dentro da lei e non os atopei. Fóra da lei non ha de buscalos quen prometeu observala*”). Ante este panorama, Amadeo I presenta a súa renuncia ó trono (Doc. 3: “ *Non había perigo que me movese a descingirme a coroa se crese que a levaba nas miñas sens para ben dos españois*”) en febreiro de 1873 (Doc. 3: “*Dous anos longos ha que cingo a Coroa de España*”)

A abdicación de Amadeo I creou un baleiro de poder, pero ninguén estaba por reiniciar a busca dun novo rei. En consecuencia, o Congreso e o Senado, maioritariamente monárquicos, reunidos en Asemblea Nacional proclaman a República o 11 de febreiro de 1873. O axitado período da I República será o último do Sexenio Democrático.